

Cooperación descentralizada en Portugal, a experiencia de Viana do Castelo

Arnaldo Ribeiro

Introducción

Moitos dos concellos portugueses adoptaron diversos modelos de concreción das súas relacións internacionais, nomeadamente a través de irmanamentos e outras formas de cooperación intermunicipais, especialmente a través de asociacións transfronteirizas ou organismos transnacionais e accións *ad hoc* de cooperación descentralizada. Estas situacións son encadradas quer directamente, isto é, pola estrutura municipal, quer a través de asociacións de concellos, ou con entidades privadas con autonomía propia.

O Municipio de Viana do Castelo

O Municipio de Viana do Castelo sitúase no Distrito do mesmo nome, no Norte de Portugal, cunha poboación de 88.628 habitantes (censo 2001) e unha superficie de 318,6 km².

Irmanamentos

Dise que hai un irmanamento cando dúas cidades deciden unirse a través dun protocolo oficial, que inclúa por tanto as dúas autoridades territoriais locais, para levar a termo accións de intercambio nos máis diversos sectores de interese común.

O primeiro obxectivo dun irmanamento é o coñecemento mutuo e a realización de actividades que materializan esta vontade, cabendo ás respectivas autoridades territoriais, as Cárteras Municipais⁽¹⁾, no caso portugués, decidir as accións que son executadas anualmente, podendo (debendo) os axentes sociais e institucionais de cada cidade igualmente programar outras accións, complementares destas ou, de preferencia, asociadas a estas, en sentido biunívoco. Os irmanamentos non teñen, por tanto, límites a non ser a propia vontade dos municipios irmanados.

Vantaxes dun irmanamento

Unha cidade irmanada é unha cidade aberta á diversidade, ao intercambio cultural, económico e social. É unha cidade internacional cando diversifica os seus colaboradores polos diversos continentes.

(1) NdT. A *Câmara Municipal* portuguesa equivale ao Goberno do Concello galego. Optamos por respectar algunha da terminoloxía propia de Portugal a fin de contribuír a promover un maior coñecemento mutuo.

Unha cidade irmanada potencia actividades de desenvolvemento e de cooperación intermunicipal no espírito das convencións internacionais sobre a aproximación dos pobos e dos sistemas. Neste sentido, Viana do Castelo é unha cidade internacional. O seu proceso de abertura ao mundo vén desde os descubrimentos do novo mundo, até aos días de hoxe.

Encadramento legal en Portugal

En Portugal, as relacións entre municipios de diversos países foron contempladas moi recentemente, desde 1999, por forza de lexislación propia. Pódese afirmar que o lexislador tardou en recoñecer esta realidade intermunicipal e atribuírle a legalidade necesaria.

Así, a **Lei nº 159/99 de 14 de setembro**, que establece o cadro de transferencia de atribucións e competencias para aos poderes locais, contempla o dominio da “cooperación externa” (Art 13, nº 1-q) especificando (Art 31) que “compete aos órganos municipais participar en proxectos e accións de cooperación descentralizada, especialmente no ámbito da Unión Europea e da Comunidade de Países de Lingua Portuguesa”. Os membros da CPLP son Angola, Brasil, Cabo Verde, Guinea Bissau, Mozambique, S. Tomé e Príncipe, Timor.

A **Lei nº 169/99 de 18 de setembro**, que establece o cadro de competencias, así como o réxime xurídico de funcionamento, dos órganos dos municipios e das freguesías, consagra dous tipos de competencias no que atinxe ás relacións internacionais dos municipios. Así, compete á asemblea municipal⁽²⁾ “autorizar o irmanamento do municipio con outros municipios ou entidades equiparábeis doutros países” (Art 53, nº 4-d). Este documento estipula por fin que “compete á cámara municipal no ámbito do apoio a actividades de interese municipal, deliberar sobre a participación do municipio en proxectos e accións de cooperación descentralizada, especialmente no ámbito da Unión Europea e da Comunidade de Países de Língua Portuguesa” (Art 64, nº 4-f).

Repárese en que esta lexislación non abrangue os países que non se encadren nestas dúas institucións (a Unión Europea e a CPLP), tratándose, por tanto, de lexislación restritiva, ficando aínda unha posibilidade da universalidade dos irmanamentos, atendendo á competencia da asemblea municipal como órgano deliberativo.

Este encadramento legal tardío, non impediu aos municipios portugueses establecer despois da instauración da democracia, no 25 de abril de 1974, diversas formas de cooperación a nivel internacional, non só dentro dos límites legais senón tamén con países onde subsisten fortes comunidades portuguesas, como son África do Sur, Brasil ou Estados Unidos. A lista completa dos irmanamentos está dispoñíbel no sitio da Asociación Nacional de Municipios Portugueses (ANMP) en <http://www.anmp.pt/>.

(2) NdT. A *Assembleia Municipal* portuguesa é equiparábel ao Pleno do Concello galego.

En Viana do Castelo, é desde moi cedo que os irmanamentos obtiveron unha atención política moi importante por parte dos órganos municipais como impulsores do seu crecemento, rol eventualmente propio do pasado histórico da cidade, especialmente na época frutuosa dos descubrimentos marítimos, do século XV e XVI.

Así, desde a década de 1980, a Cámara Municipal oficializou un conxunto de 10 irmanamentos até os nosos días.

En setembro de 1982, Viana do Castelo celebrou o primeiro irmanamento internacional coa Commune francesa de **Riom**, por demanda e empeño da forte comunidade portuguesa aí radicada. Seguiron outras cidades nos diversos continentes. **Cachu**, na Guinea Bissau, en novembro de 1988; **Ziguinchor**, Senegal en agosto de 1989; **Lancaster**, Reino Unido, en xullo de 1989; **Lugo**, Galiza-Espanha, en agosto de 1990; **Itajaí**, Brasil, en xullo de 1995; **Porto Seguro**, Brasil, en xaneiro de 1997; **Hendaye**, Francia, en setembro de 1998; **Igarassu**, Brasil, en agosto de 2003; finalmente, **Cabedelo**, Brasil, en setembro de 2003.

Non sendo obxecto deste texto analizar os irmanamentos, pódese dicir que estes son moi diferentes uns dos outros, variando de intensidade dependendo da implicación dos axentes institucionais e, especialmente, dos de carácter asociativo.

Cooperación descentralizada

Os irmanamentos poden non alcanzar o campo diferenciado da cooperación entre municipios, posto que esta última acepción nos remite a unha especificidade das relacións internacionais entre autarquías, nomeadamente. Aínda que algúns irmanamentos poden incluír accións de cooperación descentralizada.

“A necesidade de cooperar a nivel internacional, nace da consciencia de que hai problemas comúns aos diversos países e de que eses mesmos problemas se poden resolver con maior facilidade e eficacia, se son estudados e resoltos conxuntamente, o que leva á unión de esforzos nas máis diversas áreas” (Lopes, 1999). É precisamente neste contexto que xorden as asociacións transfronteirizas e transnacionais.

Asociacións transfronteirizas e transnacionais

A emerxencia de formas autónomas de organización das relacións entre municipios é moi recente, pois os Estados centralistas non queren abdicar das súas prerrogativas nesta materia, fervorosos defensores da soberanía nacional e do control das relacións interestatais.

O Consello de Europa aprobou no 21 de maio de 1980, a Convención-Marco Europea para a Cooperación Transfronteiriza entre as Comunidades ou Autoridades Territoriais. Este documento vén permitir a creación de estruturas asociativas de diversos tipos, que impliquen as entidades colectivas municipais dun e outro lado das fronteiras dos Estados membros desta organización europea. Será probablemente a primeira iniciativa de lexitimación das relacións internacionais intermunicipais.

En Portugal, esta Convención foi ratificada e integrada no dereito nacional⁽³⁾ en 1987, precisamente un ano após a integración do país na Comunidade Europea.

Ao abrigo deste documento, xurdiron innumerábeis iniciativas apadriñadas por municipios, especialmente os transfronteirizos e máis tarde polos demais, convencidos do interese da colaboración transnacional para debater e resolver algúns dos problemas comúns.

Neste dominio, **Viana do Castelo** está asociada, desde o primeiro momento, á iniciativa de creación do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, asociación de cidades da Galiza e Norte de Portugal, que se constituíu formalmente nesta cidade, no 28 de setembro de 1992. En 2004, esta asociación inclúe 18 cidades das dúas rexións: A Coruña, Braga, Bragança, Chaves, Ferrol, Guimarães, Lugo, Monforte de Lemos, Ourense, Peso da Regua, Pontevedra, Porto, Santiago de Compostela, Vila Nova de Gaia, Viana do Castelo, Vigo, Vila Real, Vilagarcía de Arousa. A reivindicación de mellores equipamentos e accesibilidades para esta euro-rexión e a realización dunha intensa axenda de actividades de carácter multilateral teñen pautado o Eixo Atlántico.

Outras iniciativas de relacións internacionais de Viana do Castelo desenvólvense no cadro doutras asociacións de municipios que integra e nomeadamente a Rede Europea de Cidades Saudábeis, a Rede de Cidades dos Descubrimentos e finalmente a Comunidade Urbana Val-e-Mar, esta última instituída no presente ano.

Por fin, desde 1980, en xullo, desenvólvese a Expo Feira do Libro que consagra, desde 1996, unha Feira da Lusofonía, contemplando encontros de escritores e obras dos países da CPLP e da Galiza.

En definitiva, trátase, como se pode comprobar, dunha multitude de modelos e oportunidades de relacións internacionais e de cooperación intermunicipal.

En 1992 ademais, é creado o Gabinete de Relacións Internacionais do Municipio.

Cooperación con Países en Vías de Desenvolvemento (PVD)

Como é referido nunha recente nota de síntese da representación permanente de Francia na UE (Balleix, 2004) a noción de cooperación descentralizada (CD) aparece na Convención de Lomé IV, de 1989 con obxecto de favorecer a aparición de formas de gobernanza local⁽⁴⁾ e de aumentar a participación de diferentes actores privados e sociais nos proxectos de desenvolvemento entre axentes de países máis ricos do norte, e os máis pobres, do sur.

A célebre liña financeira B7-6000 (hoxe “21.02.13”) que a Comisión Europea (CCE) inscribiu no seu orzamento de 1998, procurou materializar a axuda precisamente, en formas de CD, non se limitando ás relacións entre autoridades locais dos Estados membros cos seus homólogos dos países en vías de desenvolvemento, senón

(3) Decreto do Goberno nº 29/87, de 13 de agosto.

(4) Do inglés “Governance”. A palabra gobernanza reproducirá mellor esta noción idiomática anglo-saxónica (OCDE, 2001).

á asociación da sociedade civil, co obxectivo de *perennizar* as intervencións apoiadas polos fondos comunitarios. Trátase por iso, de promover unha lóxica de “bottom up”, de subsidiariedade e de gobernanza local.

O Acordo de Cotonou⁽⁵⁾, de 23 de xuño de 2000, sucedáneo do de Lomé, acordo de colaboración entre os países de África, Caraíbas e Pacífico (ACP) e a Unión Europea (UE), determina que “os actores implicados na cooperación sexan autoridades públicas (locais, nacionais e rexionais) e actores non estatais: o sector privado; os colaboradores económicos e sociais; incluíndo as organizacións sindicais; a sociedade civil baixo todas as súas formas en función das características nacionais” (Art 6-1). Por outro lado, é convencionado que “o recoñecemento dos actores non gobernamentais depende da forma en que estes responden ás necesidades da poboación, das súas competencias específicas e do carácter democrático e transparente do seu modo de organización e de xestión” (Art 6-2). Máis adiante, é afirmado que “A contribución da sociedade civil no proceso de desenvolvemento pode ser aumentada polo reforzo das organizacións comunitarias e das organizacións non gobernamentais con fins non lucrativos en todos os dominios da cooperación. Para tal é necesario animar e apoiar a creación e o desenvolvemento de tales organizacións e implementar mecanismos para implicar estas organizacións na definición, implementación e avaliación das estratexias e programas de desenvolvemento” (Art 7). Máis adiante, neste documento, o Capítulo 5 é dedicado ás “Micro-realizacións e cooperación descentralizada” contemplando un conxunto de disposicións de fomento e apoio a micro-realizacións a nivel local, con intervención activa dos actores públicos e da sociedade civil dos países beneficiarios e dos Estados-membros da UE.

A abordaxe da CD coloca, por tanto, os intervenientes dos Estados beneficiarios no centro do proceso de desenvolvemento, isto de acordo cos obxectivos do Tratado da UE (Art 177, http://europa.eu.int/eur-lex/pt/treaties/dat/EC_consol.pdf).

Un estudo europeo recente (Bélxica, Italia e Portugal) deu a coñecer a realidade das autarquías⁽⁶⁾ portuguesas, nomeadamente do Norte, Lisboa e de Setúbal, no dominio da cooperación e do desenvolvemento (Acep, 2001). Este estudo presentaba a cooperación descentralizada como “o conxunto das iniciativas de cooperación entre os países do Norte e do Sur, polas cales unha ou máis entidades locais dunha cidade do Norte, xunto coas asociacións de solidariedade e/ou axentes económicos desa mesma cidade, van cooperar cos seus homólogos dunha cidade ou rexión dun país do Sur co obxectivo de promover o desenvolvemento económico e social desa rexión” (ídem supra: 77). En síntese, este estudo revelaba que a maioría dos municipios portugueses analisados, posúe un coñecemento moi precario sobre a cooperación para o desenvolvemento e a cooperación escentralizada, e asenta o seu saber facer sobre rutinas e experiencias do día a día e a ausencia de frecuencia de formación sobre o tema.

(5) CCE (2000).

(6) NdT. Por *autarquias* deben entenderse, segundo a Constitución Portuguesa, as *freguesias, os municípios e as regiões administrativas*. Así, o concepto de *autarquias* é equiparábel ao de entidades locais ou administración local.

Descóbrese ademais que a opción destes municipios na cooperación para o desenvolvemento é, preferentemente, a axuda humanitaria, as relacións comerciais cos PVD e finalmente a cooperación descentralizada. O estudo revela que os estudados apuntan conceptos de forma incorrecta e solucións de maneira incoherente, sendo certo que todos se queixan da burocracia e da falta de apoio do Estado, no que atinxe aos financiamentos para o desenvolvemento. Os municipios portugueses analisados din confiar máis nos organismos internacionais como a UE ou a ONU que nas organizacións de base, da sociedade civil, a pesar de saberse, hoxe en día, que o papel das estruturas locais é imprescindible para o éxito e sustentabilidade do desenvolvemento. Compróbase, ademais, que as tres rexións estudadas diverxen entre si, coa do Norte ausente da cooperación, en contraste coa de Lisboa e Setúbal.

Un dato interesante é a concepción diverxente entre os cadros políticos e os técnicos cando os primeiros afirman nas súas autarquías que non hai proxectos de CD e os segundos din precisamente o contrario. A percepción das realidades dos PVD non conduciu aínda á priorización das accións de desenvolvemento, que implican unha planificación destas a longo prazo e o establecemento de contribucións de ambas as partes.

Da análise das enquisas nos tres países, extráese só a referencia á convicción de todos no que atinxe á necesidade de asociar os entes locais administrativos e políticos e as organizacións de base, en orden a descentralizar as decisións e establecer un entendemento compartido para o desenvolvemento harmonioso.

En Portugal, a cooperación descentralizada é apoiada polo Estado, a través do Instituto da Cooperación Portuguesa (ICP), actual Axencia Portuguesa de Apoio ao Desenvolvemento (APAD), organismo do Ministerio dos Negocios Estranxeiros. Un Protocolo de Cooperación entre este Ministerio e a Asociación Nacional de Municipios Portugueses, do 21 de xullo de 1992, circunscribe algunhas áreas de colaboración neste dominio. A título de curiosidade, recórdase que só recentemente se operou unha máis rigorosa planificación programática dos investimentos neste sector, desde o orzamento de Estado de 1998. Ademais, como nota Lopes (1999) a cooperación intermunicipal ficou dotada cun montante de 90 millóns de Escudos (~ 450.000 €), o que representa apenas o 0,24% do total do orzamento. As críticas choveron desde diversos ámbitos, inclusive mediáticos. O panorama desde entón non mellorou moito.

Mais a cooperación intermunicipal non se limita aos proxectos apoiados polo orzamento do Estado central e moitas iniciativas de cooperación son levadas a cabo cos recursos, sempre limitados, dos propios municipios, no contexto nomeadamente dos irmanamentos. Os municipios portugueses celebraron case dúas centenas de irmanamentos con municipios dos sete países da CPLP, e moitas centenas doutras tantas iniciativas con outros países, especialmente europeos.

A experiencia de Viana do Castelo no campo da cooperación descentralizada no apoio ao desenvolvemento, circunscríbese ao seu irmanamento coa cidade

de Cacheu, na Guinea Bissau e algunhas accións puntuais de apoio, nomeadamente en campañas de solidariedade internacional.

O que se presenta a seguir lígase á experiencia desa cooperación intermunicipal coa Guinea Bissau e a cidade de Cacheu en particular.

Unha experiencia de cooperación intermunicipal

Cidade de Cacheu, algúns datos

A cidade de Cacheu sitúase no noroeste da Guinea Bissau, na marxe esquerda do río co mesmo nome, un río longo e serpenteado que penetra a terra, como presente para as familias que se alimentan do peixe que ofrece.

Cacheu conta no seu núcleo urbano con pouco máis de 5.500 habitantes e no sector (equivalente ao Municipio) 15.000 residentes, constituíndo a rexión de Cacheu, con 146.000 habitantes, a terceira máis poboada da Guinea. O país chega ao millón trescentos mil guineenses (1998). En Cacheu, vívese esencialmente da pesca e da agricultura. O rendemento per cápita/PIB chega aos 287 €(2003), menos de un euro por día, sendo o décimo país máis pobre do mundo (ONU, IDH, 2003).

Cacheu foi a primeira colonia comercial portuguesa na África occidental, en 1588 e a primeira capital da Guinea. O fortín é o ex-libris desa distante época, mais sofre da irremediábel degradación da súa estrutura. Dispón aínda dalgunhas casas antigas, como a Casa Gouveia, o Almacén de froitas e conxuntos de rúas típicos mais sen o mantemento necesario para este tipo de patrimonio histórico.

Lémbrese que a igrexa da Nosa Señora da Natividade (patroa de Cacheu) é o primeiro templo portugués na costa occidental africana e que actualmente necesita obras urxentes de restauración. Máis informacións sobre a Guinea Bissau en http://www.odisseia2000.net/imvf/artigo.asp?cod_artigo=37827.

O irmanamento con Cacheu tivo os seus inicios en 1984 e 1988 a partir dunha encomenda do Comité de Estado (equivalente da cámara municipal) desta cidade que conmemoraba o IV Centenario da creación da Cidade, en novembro de 1988, sendo asinado o Protocolo de Irmanamento no día 21, nesta cidade, coa inauguración dunha vía co nome de “Rúa de Viana do Castelo”. No 15 de decembro do mesmo ano, asínase idéntico Protocolo en Viana do Castelo, coa atribución do nome de “Rúa Cidade de Cacheu” a unha arteria.

Este irmanamento permitirá o troco dalgunhas iniciativas culturais e sociais, nomeadamente a oferta de libros, material escolar, de deporte, artesanía e o acollemento de estudantes e escritores e naturalmente algunhas visitas oficiais de membros do goberno rexional e central guineenses.

Nos anos de 1998 e 1999 o conflito armado ocorrido en Bissau non permitiu a realización de actividades. En xaneiro de 2000, recibimos demandas de apoio por parte de institucións guineenses ás cales a sociedade civil vianense respondeu coa creación da **Plataforma de Cooperación coa Guinea Bissau**, no 27 de maio.

Plataforma de Cooperación coa Guinea Bissau

En 1999, o Núcleo Anti-Racista de Viana do Castelo (NAV), unha asociación de dereitos humanos, recibiu ao presidente do Consello Nacional da Xuventude, Fernando Saldanha, que procuraba apoios para o desenvolvemento do seu país, saído do conflito de 1998/99. Demandada para contribuír, a Cámara Municipal asociouse inmediatamente a esta iniciativa, tendo en conta o irmanamento con Cacheu. Comunicouse o interese en traballar con esta estrutura nacional guineense, nomeadamente para reforzar/reavivar o irmanamento.

A Plataforma de cooperación xurdiu así, case naturalmente, da unión de doce axentes institucionais de Viana do Castelo e tamén de Burgos e de Oviedo (España). Unha estrutura innovadora e autónoma, sen estatuto xurídico propio, para apoio ao desenvolvemento da Guinea Bissau.

No 27 de maio de 2000 coa presenza do embaixador da Guinea en Portugal, formalizouse a Carta Constituínte da Plataforma de Cooperación, estrutura informal subscrita polas estruturas seguintes: Asociación Amigos do Mar, Asociación Portuguesa de Pais e Amigos dos Cidadáns Diminuídos Mentais, Asociación de Técnicos de Turismo, Cámara Municipal de Viana, Consello da Xuventude de Burgos, *Consejo da Moceda d'Oviéu*, *Consejo de la Moceda del Principau d'Asturies*, Cruz Roja Juventud-Asturias, Escola Secundaria de Monserrate, Federación das Asociacións Estudiantís de Burgos e o Núcleo Anti-Racista de Viana. Neste tempo adheriuse o Consello Nacional da Xuventude da Guinea Bissau. Os colaboradores de España, neste tempo, suspenderon a súa participación nesta Plataforma. Non haberá, quizá, outra en Portugal con estas características, voltada para un país da lusofonía. En xuño de 2004, os membros da Plataforma optaron por formalizar a mesma e darlle personalidade xurídica, a través da creación dunha asociación sen fins lucrativos co mesmo nome, situación que deberá estar resolvida para o final do presente ano.

Proxectos realizados

Entre maio e outubro de 2000, os membros da Plataforma procuraron informarse sobre a Guinea, o país e as súas xentes, recibiron formación e sensibilización sobre cooperación, encontráronse con persoas que estiveron na Guinea, e prepararon unha visita ao país.

Do 15 ao 31 de outubro de 2000, unha representación de 12 persoas (unha por institución) desprazouse á Guinea co obxectivo de identificar necesidades e colaboradores para o desenvolvemento de proxectos de cooperación. Durante esta visita, a Cámara, integrada por un grupo de 12 persoas, remitiu algúns bens ofrecidos polos vianenses, pouco máis de 40 quilos de medicamentos cedidos por tres farmacias da cidade, que foron entregados ao centro de saúde de Cacheu e ás irmás da Congregación brasileira de Nosa Señora da Aparecida, unha primeira cooperación luso-brasileira e guineense.

Efectuouse un relatorio exhaustivo da situación do país e de Cacheu en particular, identificáronse os axentes sociais locais, constricións e tamén algunhas necesidades de cooperación.

Entre novembro de 2000 e marzo de 2001 desenvolveuse unha campaña de recollida de bens e fondos para Guinea, denominada “SOS Guinea Bissau”, con conferencias, exposicións, espectáculos, accións en escolas, asociacións, etc. Os materiais foron transportados en xullo de 2002, para Cacheu, co apoio do ICP.

En maio de 2001, a Cámara Municipal de Viana do Castelo realizou un **Encontro de Municipios portugueses irmanados con cidades de Guinea Bissau** para un troco de experiencias e a creación de sinerxías na cooperación con este país. Compareceron as autarquías de Aveiro, Braga, Cascais, Covilhã, Faro, Ílhavo, Lisboa, Matosinhos, Moura, Portimão, Porto, Santarém, Sintra e Vagos. Estiveron presentes a Asociación Nacional de Municipios Portugueses (ANMP), a Unión de Cidades Capitais Luso-Afro-Americanas (UCCLA) e o ICP. Tivemos a ocasión de reafirmar a nosa intención de intervir en proxectos de interese intermunicipal e preferentemente cunha configuración interinstitucional, froito da nosa experiencia.

En maio de 2001, na secuencia dunha candidatura presentada polo Municipio, foi anunciada a aprobación da coparticipación financeira, por parte do Goberno portugués, a través do Grupo de Misión para a Cooperación Descentralizada, constituído pola Secretaría de Estado da Cooperación e a Asociación Nacional de Municipios Portugueses. O obxectivo era a recuperación dunha casa en Cacheu para instalar o Centro de Cooperación de Cacheu, centro de recursos de apoio ao desenvolvemento local.

A Cámara Municipal soportou dous terzos dos custos desta obra e o Goberno Portugués o outro terzo, tendo a Plataforma coparticipado con recursos propios, no nutrimiento do mesmo. Optouse por unha recuperación tradicional do edificio, coa contratación dun contratista local, en novembro de 2001, baixo a supervisión da Plataforma e da Asociación dos Fillos e Amigos do Sector de Cacheu (Afasca), en asociación co Comité de Estado e o Gobernador da Rexión.

No 24 de agosto de 2002 este centro de recursos (biblioteca, centro de documentación, medios audiovisuais) foi inaugurado en ambiente festivo, cunha comisión administrativa instaladora local asegurando a xestión do mesmo e dispoñendo dun asalariado a media xornada, remunerado pola Plataforma.

O Centro de Cooperación de Cacheu será probablemente o maior empeño da Autarquía neste proceso. Cando o señor Gobernador da rexión de Cacheu estivo connosco, en Viana, en xuño do ano 2000, asumimos o compromiso de axudar na realización deste proxecto, desde unha perspectiva interinstitucional. Procurábase entón crear unha estrutura para apoio e estímulo á Cooperación en Cacheu, o que efectivamente se conseguiu.

Durante todo o ano de 2001 e 2002, interviñemos na divulgación da realidade guineense coa adquisición e itinerancia dunha exposición nos Concellos do Distrito⁽⁷⁾ de Viana do Castelo e fóra deste.

Durante o 2003, procuramos sensibilizar algunhas institucións máis dinámicas do Concello para participar no desenvolvemento de Cacheu, a través de “irmanamentos entre organismos” similares das dúas cidades. Houbo mostras dalgún interese, mais adiantáronse en realidade, poucos proxectos. Débense salientar no entanto, dúas experiencias de intercambios escolares que están agora a dar os primeiros pasos.

Gustaríanos, tendo en conta o tipo de colaboracións oficiais e asociativas existentes en Cacheu, que se establecesen máis relacións de cooperación entre a sociedade civil vianense e a súa homóloga cacheuense, desde unha perspectiva de solidariedade, o máis perenne posíbel.

De salientar son algunhas realizacións exemplares de axentes integrados na Plataforma e, nomeadamente, a oferta dun parque infantil para a rapazada de Cacheu, o apoio financeiro ao funcionamento do xardín de infancia Girassol, accións de formación de profesores, actividades de prevención na saúde e de apoio ao asociativismo. Todas estas accións foron realizadas en asociación estreita entre os colaboradores da Plataforma e naturalmente as entidades guineenses sempre que foi posíbel, tendo recibido diversas delegacións desta cidade irmanada e a implicación do Goberno guineense.

No 2004, promoveuse unha conferencia e unha exposición sobre o ensino neste país, en colaboración coa Fundación Evanxelización e Cultura, a Escola Superior de Educación de Viana do Castelo e o Instituto Universitario de Solidariedade.

Nese tempo, como foi anunciado arriba, os membros activos da Plataforma decidiron transformárense en asociación co mesmo nome, con personalidade xurídica.

Mais **outras necesidades** nos son transmitidas por guineenses desesperados de apoio dos países do Norte e que nos gustaría compartir a fin de contribuír a espertar atención para este país, carente en todo. Refírese á construción de escolas básicas no Sector de Cacheu, a pedido dos responsábeis do ensino básico. Cada escola podería custar cerca de 1.500 € para acoller 90 alumnos... En Cacheu, aínda son necesarias 5 escolas (Couque, Cabiana, Cápo, Jocué, Bitife) un investimento inferior a 10.000 €

Cacheu necesita de apoio para o reestablecemento da electricidade, distribución de auga, creación de actividades económicas sustentábeis, apoio ao equipamento e formación de técnicos de administración local e central existentes na cidade, en definitiva, un conxunto de urxencias que son dramáticas neste país onde todo falta, excepto a esperanza en días mellores.

Desde a perspectiva municipal, estas iniciativas tiveron o mérito de facultar o retomar do irmanamento entre as dúas cidades e, a pesar das condicións precarias do país e dos diversos riscos que sempre se corren, o pobo e os xoves guineenses, en especial, convencéronnos da urxencia da cooperación e da solidariedade a pesar das contrariedades que, innumerábeis veces, sobrepasan a propia vontade de todos os actores.

Nunha entrevista recente ao xornal “Público”⁽⁸⁾, o vice-presidente para Europa do Banco Mundial apelou ás autoridades portuguesas para aumentaren a axuda ao

(7) NdT. Os *Distritos* portugueses podemos equiparalos ás nosas Provincias.

(8) VIANA Luís Miguel: *Portugal pode ser un agente máis global na axuda ao desenvolvemento*, Público, 5 de abril de 2004.

desenvolvemento dos países máis pobres. Jean François Richard reconece o esforzo realizado nestes últimos anos, mais este aínda é moi reducido ao constituír a axuda portuguesa o 0,27 por cento do PIB. Só se pode abrazar este apelo e confirmar que tamén a nivel municipal, a pesar dalgunhas experiencias meritorias, como é o caso de Viana do Castelo, o deserto na axuda ao desenvolvemento contrasta con algunhas intencións verbalizadas.

Síntoma desta realidade portuguesa, nunha intervención recente na Asemblea da República, o deputado (PS) Vítor Ramalho⁽⁹⁾ protestou contra o estancamento da política da cooperación do país, a indefinición que predomina nos organismos especializados e a redución do 52%, nos últimos dous anos, do orzamento para a cooperación. Portavoz da situación dramática das asociacións que actúan nesta área, dixo que o Estado está “de costas viradas, coa plataforma das ONG’s (organizacións non gobernamentais para o desenvolvemento) efectuando denuncias sobre denuncias, por as súas afiliadas non poderen contar co que sempre contaron. Incluindo o diálogo”.

Para finalizar, a experiencia da Cámara Municipal de Viana do Castelo na cooperación coa cidade irmanada de Cacheu permite extraer algunhas conclusións:

- A cooperación é un asunto moi serio que non debe ser tratado só con compaixón e boas vontades, esixindo rigorosos coñecementos e estudo do terreo no que concerne ás mellores prácticas.
- A asociación das entidades e organizacións locais é unha obriga imprescindible para o éxito, avaliación e perennidade das accións.
- As actividades realizadas deben satisfacer necesidades reais das poboacións dos países en vías de desenvolvemento.
- As accións emprendidas no terreo deben procurar, sempre que sexa posíbel, asociar as organizacións de guineenses residentes en Portugal e os propios cidadáns para reforzar os lazos destes co país e a integración entre nós.
- As entidades colectivas deben conservar un vínculo efectivo na realización da cooperación para o desenvolvemento, inclusive para aumentar a súa responsabilidade nesta área.

Arnaldo Ribeiro é técnico superior de relacións internacionais da Cámara Municipal de Viana do Castelo.

Este texto é responsabilidade do autor e non vincula a Cámara Municipal de Viana do Castelo.

(9) Diario da Asemblea da República, 1 de abril de 2004.

Anexos consultábeis no IGADI:

Protocolos de irmanamento entre os Concellos de Cacheu e Viana do Castelo.
Cidade de Cacheu, na Guinea Bissau, presentación dalgúns datos.
Recomendacións do Seminario “Cooperación Intermunicipal no cadro da Cooperación Descentralizada”, Lisboa, 9 de maio de 1998.
Lei nº 66/98 de 14 de outubro, aproba o estatuto das organizacións non gobernamentais de cooperación para o desenvolvemento (ONGD).
Apelo das ONG nacionais e estranxeiras activas na Guinea Bissau.
Dossier de constitución da Plataforma de Cooperación coa Guinea Bissau.
Encontro dos Concellos irmanados coa Guinea Bissau.
Desdobraíbel sobre a Exposición “Imaxes da Guinea Bissau”.
Desdobraíbel sobre as relacións internacionais de Viana do Castelo.

Máis información sobre esta experiencia:

Cámara Municipal de Viana do Castelo.

Gabinete de Relacións Internacionais e Cooperación.

4900-Viana do Castelo (Portugal).

Bibliografía

- ACEP: *Autarquias portuguesas, Cooperação e desenvolvimento, Pesquisa sobre os conceitos de desenvolvimento humano, cooperação descentralizada e luta contra a exclusão social*, Edición Acep (<http://www.acep.pt/>), Lisboa, 2001, 82p.
- BALLEIX, Corinne: *Vade-mecum pour les opérateurs désireux de participer aux actions de coopération décentralisée prévues dans le cadre des programmes européens de coopération au développement pour la coopération*, Représentation permanente de la France auprès de l’Union européenne, Bruxelles, 2004, 11p.
- CCE: *Cotonou, Accord de partenariat entre les membres du groupe des Etats d’Afrique, des caraïbes et du Pacifique, d’une part et la Communauté Européenne et ses Etats membres, d’autre part. Signé à Cotonou, 23 juin 2000, texte consolidé*, Le Courrier, Bruxelles, setembro 2000, 57p.
- LOPES, Fernandino: *As Geminações de Municípios, Os casos de Estremoz, Évora e Montemor-O-Novo*. Edición do autor, Évora, 1999, 204p.